

# O labirinto iugoslavo

## Description

No momento actual, o conxunto de problemas nacionais, étnicos e de minorías que agroman no leste euroasiático presenta infinidade de aspectos e matices notablemente conflictivos e de difícil solución. Mesmo non resultaría esaxerado asegurar que incorporan un perigoso e inmenso potencial desestabilizador. Durante anos significativo expoñente dun modelo de enxeira política aparentemente exitoso, aquel marco de relacións, vixente ata hai pouco tempo, certamente permitiu que auténticos mosaicos de pobos coexistiran en marcos estatais plurinacionais sen que se produciran graves conflitos. Pero agora, derrubado o muro de Berlín e rematada a guerra fría, volven xurdir ante os nosos ollos cunha faciana totalmente novidosa e carente da virtual inmutabilidade que predominantemente servira para caracterizalos no período inmediatamente anterior: fronteiras inestables, reivindicacións territoriais máis ou menos manifestas, tensións étnicas reais ou potenciais, conflito básico aberto, etc.

Aquel internacionalismo baseado na convicción de que a pertenza a unha nación debía subordinarse a unha loita que non admitía máis patria que a propia clase social, que equiparaba nacionalismo e pasado na seguridade de que a medida que se constrúa o socialismo as particularidades nacionais irían antenuñándose ata eliminarse para dar lugar a formacións sociais novas, rematou nunha sorprendente e múltiple eclosión de identidades. Unha ferverza que, en ocasións, ten o seu contrapunto lamentable na incompreensión, interesada ou non, dos que, desde as coordenadas antepodas, se conforman con asemellar todo nacionalismo con barbarie, atraso, negación do progreso, etc. pero por riba de toda consideración teórica unha realidade se impoñe: existen comunidades históricas que perduran pese a todos os avatares resistíndose á destrución ou á subordinación.

Como resultado dos procesos secesionistas vividos nos últimos anos no que foi Checoslovaquia, na antiga Unión Soviética e na mesma Iugoslavia, as realidades socioculturais e políticas certamente se aproximaron en moitos casos. Precisamente a través da non menos sorprendente recuperación daquel vello Estado-nación (Estado dunha nación) que na outra Europa se consideraba case ultrapasado como consecuencia da intensificación dos procesos de integración supranacional que pretendían simbolizar ante todo a plasmación dun status máis enriquecedor e elevado na vida das nacións e dos Estados. Pero noutros casos a adopción desta alternativa resulta imposible ou implica un elevadísimo custo. Son aqueles que non se en doada solución por acumularen un conxunto excesivamente heteroxéneo de nacionalidades e etnias ou que abranguen a unha comunidade dividida, contigua ou non territorialmente, entre varios Estados soberanos.

Neste contexto, Iugoslavia é un exemplo, explosivo e dramático, dunha situación que obxectivamente con igual ou diferente intensidade podería ter por escenario (unha variante non totalmente descartada aínda) outros Estados europeos da zona (Hungría, Romanía, Bulgaria, e por suposto a antiga Unión Soviética, onde xa desgraciadamente constituíen unha realidade moi grave na Transcaucasia). A dimensión acadada polo conflito que se desenvolve nos Balcáns responde non só a un amplo tratamento informativo dos medios de comunicación occidentais que a cada paso presentan testemuños dramáticos dunha época que considerabamos xa superada. A especial inmediatez das repercusións sobre a Europa comunitaria, coa que vivía mantendo numerosos intercambios de todo tipo, concreta unha importante diferenza respecto doutros conflitos similares que se desenvolven no espazo ex-soviético.

## Fundamentos e contradicións da Iugoslavia de Tito

A complexidade da cuestión nacional en Iugoslavia debe sorprender a poucos. Lugar de encontro e de confrontación entre dous grandes imperios, o austro-húngaro e o otomano, á longo da Historia foron moi numerosos os conflitos protagonizados polas mesmas comunidades humanas que en 1918 e a través do Reino dos Serbios, Croatas e Eslovenos tentaron protagonizar o primeiro intento serio de vida en común.

A idea iugoslava é relativamente nova. A agrupación dos eslavos do sur (etimoloxicamente Iugoslavia) nunha soa entidade estatal callou esencialmente durante o pasado século a partir da confluencia de dos movementos, o ilirismo e o panserbismo. O primeiro estaba nucleado arredor de Eslovenia e Croacia e desenvólvese nas provincias ilirianas: Istria, Dalmacia e outros territorios, todos eles dependentes do Imperio Francés. O segundo, concibido na loita pola

independencia contra o Imperio Turco, aspiraba a agrupar a todos os eslavos do Sur arredor dunha Gran Serbia.

A realidade mais recente, que ten a súa orixe na II Guerra Mundial, é a dun Estado federal no que coexistían recoñecida e civilizadamente dous alfabetos, tres relixións, catro linguas, cinco etnias ou nacións e seis repúblicas rodeadas por sete Estados veciños. Como non recoñecidas oficialmente pero existentes habería que considerar cando menos as seguintes minorías: eslovaca, turca, maxiar, búlgara e romena. Con dúas características engadidas que cumpren especialmente en conta: a predominancia da heteroxeneidade étnica na práctica totalidade do territorio (a excepción de Eslovenia e en menor grao Macedonia) e, consecuentemente, a existencia de numerosas e insuperables dificultades para efectuar unha delimitación clara e aceptable das fronteiras étnico-territoriais.

A estabilidade da Iugoslavia que nace das ruínas da II Guerra Mundial asentaríase fundamentalmente sobre tres piares que converteron este país nunha complexa e contradictoria engrenaxe, abondosa en freos e contrapesos pero que sen embargo permitiron preservar e garantir un difícil equilibrio aínda que progresivamente erosionado na súa delicada coherencia interna. Dos tres factores aludidos, dous actúan como catalizadores, como instrumentos cohesionantes e favorecedores do mantemento da unidade, mentres que o último actuaría nun senso declaradamente contrario. Naturalmente aludo ás circunstancias internas. Existiría sen embargo un cuarto factor, de índole exterior, que é igualmente decisivo: a división de Europa en bloques enfrontados favoreceu o escurecemento de numerosas tensións interiores concedendo un indubiable protagonismo a Iugoslavia como “terceira vía” e líder dun movemento mundial a favor do non alineamento. A desaparición deste factor na evolución recente das relacións internacionais facilitou a eclosión dun problema que, sen embargo, obedece a causas primordialmente internas:

Os dous elementos catalizadores son os seguintes:

a) Un fundamento de carácter persoal: a figura de Josip Broz Tito. O mariscal, de nai eslovena e de pai croata, soubo capitalizar a favor da integración o seu enorme prestixio persoal acumulado non só durante a guerra contra a ocupación nazi sen tamén na defensa orgullosa dun certo nacionalismo iugoslavo fronte ás ambicións hexemonistas de Stalin. Tito, que a diferenza dos líderes doutros países de Europa oriental gañou a guerra a pulso sen axuda decisiva dos soviéticos, soñaba cunha federación eslava e balcánica que incluíse mesmo a Bulgaria (Stalin sempre se opuxo a este propósito). Era firme partidario da idea iugoslava e soubo dar sentido integrador ás inxerencias e aspiracións das diferentes comunidades nacionais nun período histórico abondoso en dificultades pero tamén en entusiasmo popular, en esperanzas económicas, e no que podía sentirse arroupado por unha elevada reputación internacional. A morte do mariscal en 1980 foi un duro golpe para a pervivencia da idea iugoslava e veu significar na práctica o principio do fin da Federación.

b) Como segundo elemento aglutinante procederíase a destacar o modelo de socialismo autogestionario. Efectivamente, despois dun breve período (1945-47) no que Belgrado optou pola aplicación das receitas elaboradas en Moscova para toda a orbe socialista, a ruptura con Stalin en 1948 obrigábase a definir un camiño propio e diferente, a configurar un sistema económico único que había percorrer as inexploradas fronteiras que separaban o socialismo e o capitalismo. En semellante conxuntura internacional, a configuración dun modelo de socialismo diferente ao modelo de socialismo de estado que lideraba a URSS e á súa vez afastado do modelo capitalista de desenvolvemento, levaba consigo unha indiscutible carga nacionalista e permitía un significativo nivel de galvanización social arredor de tal proxecto.

A posteriori reconcécese que orixinariamente as diferencias fundamentais con Stalin non eran de orde ideolóxica. Resultaban simplemente da negativa de Tito a someterse á hexemonía de Moscova. En realidade víase a ser a gota que colmaba un vaso que se fora enchendo rapidamente nos últimos anos (discrepancias sobre o regreso do rei Pedro, a purga sufrida polos comunistas iugoslavos antes da guerra -en tempos de Milan Gorkic-, a falta de receptividade do Kremlin respecto das demandas territoriais formuladas por Tito a propósito de Austria e Italia, etc). Só máis tarde aquelas diferencias se revestiron de ideoloxía buscando unha legitimación do modelo a partir da esaxeración das diferencias co prototipo soviético. Todo isto permitiría incrementar o nivel de autoidentificación “nacional”.

c) O último elemento é o federalismo. A diferenza doutros países autodenominados socialistas, en Iugoslavia o federalismo foi real e operativo, concretándose nun nivel de descentralización económica, administrativa e política de indiscutible relevo practicamente desde os primeiros momentos (1951). Precisamente este factor, inevitable na complexa configuración nacional de Iugoslavia, remataría por facer inaplicable o modelo soviético aínda que non se deran desavenencias de familia. A Constitución de 1974 introduciu a figura da Presidencia colectiva e do portavoz rotatorio, a paridade da representación das diferentes Repúblicas e instituíu un statuscase republicano para as dúas rexións autónomas de Serbia, Voivodina e Croacia. O contrapeso desta situación, na que poderían identificarse algúns dos

xermolos da inevitable ruptura posterior, viáa determinado pola existencia de dous elementos vertebradores que exercían a súa función con carácter naturalmente monopolista: o Exército Popular e a Liga dos Comunistas Iugoslavos.

No plano económico cempre ter en conta que a Constitución de 1974 acentuou seriamente o proceso de descentralización robustecendo o papel das Repúblicas e municipalidades e introducindo o mecanismo do consenso político (estatalismo pluricéntrico) para a toma de decisións a nivel federal. Cada un destes entes comezou a desenvolverse de xeito practicamente independente (acceso ás mercados exteriores, cada República dispoña do seu propio Banco Central e aplicaba as súas propias políticas en materia de impostos ou de prezos non sempre en coordinación coas demais, etc). Unha consecuencia chamativa e inmediata foi por exemplo a duplicación de complexos industriais que resultaba absurda nunha perspectiva federal. Na opinión dos especialistas (Ljubisa Adamovic, Alec Nove ou Harold Lydall) foi esta explosiva combinación de socialismo autoxestionario e federalismo absoluto a causa básica da crise iugoslava.

Todo este delicado entrapado, peza a peza, foi o que se veu abaixo nos últimos anos. Pero profundicemos nas causas.

### Causas das reivindicacións secesionistas

Os factores de índole interna foron máis determinantes que os externos na crónica evolución iugoslava dos últimos anos. Certamente os factores externos (en forma de influencia ou de aberta inxerencia) son importantes e non deben desdeñarse. Algo se dixo xa sobre a importancia da guerra fría na conformación e supervivencia da República Socialista Federativa de Iugoslavia e conseguintemente na inculcable relación existente entre a desaparición de ambas as dúas.

Os intereses políticos, económicos e estratégicos de Alemaña, de Estados Unidos, de Rusia ou de Italia son innegables e inciden na configuración das disputas. Pero sen deixar de ser isto certo, atribuír carácter decisivo ou determinante a estes intereses semella desproporcionado. Haber sempre quen semente discordia, utilice, tome partido ou procure tirar proveito das discrepancias alleas. Pero o problema de fondo seguir estando nas causas que orixinaron as desavenencias. Recorrer á “man” de Bonn, de Washington, ou de Bruxelas pode resultar igual de demagógico como cando no pasado se atribuíra á man de Moscova as revolucións emancipatorias do Terceiro Mundo. Na realidade todo é máis complexo.

Entre as causas internas destacar as dúas que me parecen fundamentais: as económicas e as ideolóxico-políticas.

### As causas económicas

A situación económica xeral que se presenta en Iugoslavia a finais de 1989 é moi seria e difícil. As dificultades ou fracaso do modelo económico autoxestionario concretábase en datos como estes: unha inflación do 2.665 por cento, unha débeda externa que rondaba os 20.000 millóns de dólares; unha economía somerxida que segundo algunhas estimacións se achegaba a un 40 por cento do PNB; e unha caída vertixinosa do nivel de vida que tiña o seu reflexo na crecente escasez de produtos básicos como o café ou o aceite, ou no apreciable deterioro de sectores como a educación ou a sanidade. O ventilado fracaso do modelo iugoslavo levaba implícita unha mensaxe de fondo calado para as economías dos países do denominado socialismo real que reflexionaban sobre a súa apertura e transformación.

Para responder á situación de crise, o Goberno federal, presidido por Ante Markovic, en coordinación cos organismos financeiros internacionais, impulsou a primeira terapia de choque aplicada en Europa Oriental. Xa daquela asesoraba o Consello Executivo Federal iugoslavo Jeffrey Sachs, mundialmente coñecido con posterioridade pola súa participación nos procesos de transformación das economías do Leste apadriñando as denominadas terapias de choque. No seu conxunto, o Plano incidía non só nos aspectos de carácter macroeconómico (control de inflación, prezos, etc) senón que atinxía outros elementos que afectaban á natureza mesma do sistema (propiedade, creación do mercado de capitais, investimentos estranxeiros, etc) propugnando unha rápida aproximación ao modelo de economía de mercado.

A dureza das políticas aplicadas alentou nas Repúblicas a adopción de medidas unilaterais que permitisen unha certa redución dos seus efectos: Serbia decidiu emitir máis de 18 millóns de dinares sen consentimento federal e introducir taxas especiais sobre produtos procedentes de Croacia e Eslovenia; Croacia autorizou a importación de certos vehículos sen abono dos dereitos de alfándega, etc. A guerra económica precedeu ao conflito bélico.

O escenario global da crise completábase ao analizar os desequilibrios territoriais que nos últimos anos experimentaran un serio incremento. Se en 1980 Checoslovaquia e Macedonia tiñan un nivel de desenvolvemento catro veces inferior a

Eslovenia, en 1989 esa diferenza case se duplicaba; se o desemprego practicamente non existía en Eslovenia, noutras partes de Iugoslavia acadaba niveis escandalosos. O salario medio en Bosnia era case a metade do de Eslovenia. En definitiva, para facernos unha idea de conxunto, se o PNB de Eslovenia ou Croacia sobrepasa sen dificultade a de países comunitarios como Grecia ou Portugal, o PIB de Croacia, enclave albanés situado en Serbia, é perfectamente equiparable ao de Haití ou Bolivia.

Un último factor que tamén debe ser tomado en consideración é a inexistencia dunha dependencia económica interrepública tan acusada como a que se observa na ex-URSS (isto pode explicar en parte a situación anterior). Xa en 1951 se producira unha gran descentralización económica a favor das Repúblicas que dispoñían dunha ampla autonomía real. A partir de 1974 esta situación foi a máis e facilitou a conformación de marcos económicos diferenciados e dotados de gran capacidade de autoadministración.

A consecuencia de semellante entrampado económico non podía ser outra que a plasmación de intereses sería e crecentemente diverxentes: as Repúblicas ricas non se conforman con subvencionar as pobres e mesmo cuestionan a súa capacidade para executar un desenvolvemento eficaz. Desde o punto de vista político mesmo se podería dicir que a aposta pola independencia de Croacia e Eslovenia obedece a un interese evidente: apurar a integración na CEE. De feito, desde 1978 ambas as dúas Repúblicas participaban no grupo Alpen-Adria que inclúe varias rexións de Italia, Austria, Alemaña e Hungría. Desde 1968 Iugoslavia mantiña activas relacións coa CEE, intensificadas a partir do acordo preferencial de 1983.

### Causas ideolóxico-políticas

A crise dos países do socialismo real, a fin da Europa dividida en dous bloques enfrontados a todos os niveis e a difícil situación económica influíron de xeito decisivo na polarización dos posicionamentos ideolóxicos e políticos no seo da Liga dos Comunistas Iugoslavos, o único elemento integrador, ademais do Exército, que posibilitaba unha certa vertebración federal.

A inevitable ruptura aberta consumouse no XIV Congreso da Liga celebrado en xaneiro de 1990. Nel amosáronse inconciliables dúas concepcións diferentes arredor de temas fundamentais como a democratización do sistema político (conforme aos cñones occidentais) ou a configuración federativa (a substituír por unha alianza de Estados soberanos). Medraba a desconfianza cara ao centralismo serbio e a cada paso facíase máis evidente a inviabilidade dun instrumento unitario como a Liga. Nun contexto de pleno recoñecemento republicano era inevitable que se deran pasos cara á autoorganización política. Os diferentes niveis de evolución agudizáronse coa introducción unilateral do pluripartidismo nalgúns Repúblicas e a celebración de consultas electorais que incidían na radicalización do proceso político exacerbando aínda máis as diferenzas.

En definitiva todo foi tensionado máis. As proclamacións de independencia e a ruptura dos febles lazos interestatais convertíranse para algunhas Repúblicas no único medio posible para levar adiante un proxecto político que as respectivas sociedades sancionaran democráticamente.

Respecto dese proceso de evolución interna cámpre facer algunhas observacións:

1ª. A pesar da complexidade de partida e das dificultades engadidas pola situación de crise económica é errado contemplar como inevitable a derivación bñica das tensións acumuladas. Non é, resumindo, a inevitable consecuencia dunha historia abondosa en episodios violentos, senón o resultado de decisións políticas equivocadas protagonizadas ou auspiciadas por líderes con nomes e apelidos que mermaron as posibilidades dun diálogo pacífico para a resolución das controversias. Efectivamente, o pasado vive no presente e exerce a súa influencia pero non ata o punto de erixirse no factor determinante que explica a natureza deste conflito. O mesmo pasado permitiu a convivencia pacífica durante cinco décadas dos mesmos pobos que hoxe se enfrontan brutalmente.

2ª. Semella evidente que a vía confederal era a única posible para manter, ben unha certa forma de unidade iugoslava ou, caso contrario, posibilitar unha disolución non violenta da Federación. Esta vía, proposta en decembro de 1990 a Serbia e Montenegro polas outras catro Repúblicas foi rexeitada por Belgrado que daquela apostaba polo mantemento inalterable da unidade federal. O efecto inmediato foi unha maior radicalización das posturas.

Serbia aparece así como a gran culpable da guerra. É absurdo cuestionar a súa responsabilidade ben sexa en función dunha desconfianza natural respecto das análises da maioría dos media occidentais ou, mais terrible aínda, por considerarlle que Milosevic é un líder progresista que acumula unha mancha de desgracias por defender un hipotético

modelo de desenvolvemento non capitalista. Milosevic, principal dirixente de Serbia desde setembro de 1987 e polo tanto copartícipe pleno dunhas reformas orientadas cara á mercado que endexamais cuestionou no seu fondo, non só o inspirador do alucinante desembarco do multimillonario estadounidense Milan Panic á fronte da economía serbio-montenegrina, senón especialmente responsable da represión da minoría albanesa de Cóssova (un millón trescentos mil albaneses privados de todos os dereitos) que evidencia ben as claras o seu talante autoritario.

Pero Milosevic non é o único culpable da guerra que asola os Balcáns. Na consolidación da súa política tiveron moito que ver os numerosos silencios (internos e externos) de todos aqueles que no seu día preferiron a inhibición e condena. Cmpre ademais significar expresamente que o presidente croata, Franjo Tudjman, non tivo en conta debidamente a salvagarda dos dereitos da minoría serbia que habitaba no seu territorio, desencadeando unha gravísima dinámica de confrontación.

3ª. Lexitimidade democrática dos procesos. A guerra non foi consecuencia dun nacionalismo sen matices e sinalado global e universalmente como culpable, senón resultado da intolerancia e da incapacidade manifestada por algúns dirixentes políticos, para atopar vieiros pacíficos capaces de dar satisfacción ás lexítimas reivindicacións expresadas. Non se pode negar nin someter pola violencia as aspiracións nacionais que son expresadas pacífica e democraticamente. todas as Repúblicas, con excepción de Serbia e Montenegro, pero incluíndo a Cóssova, realizaron consultas populares nas que unha inmensa maioría da poboación se pronunciou a favor da independencia. A priori incluso, a soberanía non tiña por que traducirse necesariamente en separación.

4ª. A existencia de numerosos perigos en relación á salvagarda dos dereitos humanos daqueles colectivos que son minoría nos novos suxeitos estatais en virtude dunha política común que equipara a consolidación do poder estatal co fortalecemento excluínte das posicións dos colectivos nacionais maioritarios.

### A actitude de Occidente en relación á crise iugoslava

Non é posible reflexionar sobre as responsabilidades no conflito iugoslavo sen analizar a actitude dos países occidentais e dalgúns actores decisivos da comunidade internacional. Neste censo cmpre adiantar que non se pode falar de posicionamentos totalmente uniformes senón mais ben diferenciados, aspecto este que sen dúbida condicionou en todo momento unha certa ambigüidade que influí na súa eficacia. Houbo excesivas contradicións e non sempre os mesmos suxeitos mantiveron os mesmos posicionamentos. No caso da CEE evidenciouse especialmente a ausencia dunha política exterior común.

Como máis deberíamos distinguir tres estadios diferentes e sucesivos protagonizados por tendencias predominantes aínda que non exclusivas:

1º. Apoio á unidade do vello Estado iugoslavo. Inhibidos diante da represión da minoría albanesa de Cóssova, as declaracións iniciais dos países comunitarios e de Estados Unidos foron coincidentes nun primeiro momento cos aliamentos formais aprobados na Carta de París pola Conferencia de Seguridade e Cooperación en Europa: despois da unificación alemana non habería máis alteracións de fronteiras no continente. A propia CEE ofrecía a Belgrado en maio de 1991 un privilexiado tratado de asociación para evitar a desmembración.

¿Por que manter unida Iugoslavia do xeito que fose? As reservas occidentais diante dos procesos de fragmentación nacionalista argúntanse en función dos hipotéticos perigos que implican para o proceso de integración continental que pasaría a estar condicionado pola inestabilidade presente en zonas próximas. Nalgúns Estados, onde subsisten problemas nacionais, este temor complácense a valorar as estimulantes repercusións que poderían producirse no suposto de que este proceso se desenvolvera pacífica e democraticamente. polo demais, Bruxelas tampouco precisaría da ruptura de Iugoslavia para continuar o proceso de transformación e integración da economía balcánica dado que os procesos de aproximación a todos os niveis levaban anos en marcha. Para completar o cúmulo de consellos antisecesionistas, o propio James Baker advertíalles en xuño de 1991 a Eslovenia e Croacia que se decidían separarse do resto do país de xeito unilateral, os Estados Unidos e os seus aliados non as recoñecerían e tampouco lles proporcionarían axuda económica. Este foi o espírito que animou os acordos de Brioni auspiciados pola CEE e que amosan claramente que Europa non comprendeu a tempo a crise dos Balcáns.

O posicionamento descrito influí con toda seguridade na actitude dos dirixentes serbios e do Exército Federal a prol do mantemento do Estado iugoslavo. Só puido manterse nas primeiras semanas da guerra. Confíbase quizais nas posibilidades de que unha guerra curta resolvería o problema. A negativa a efectuar o recoñecemento diplomático internacional (Estados Unidos, Rusia e a maioría da CEE) debía dobrar as aspiracións das Repúblicas

independentistas. Non foi así.

O inevitable cambio de actitude produciuse en grande medida como consecuencia do fracasado golpe de agosto de 1991 en Moscova e a ferverza de proclamacións independentistas que trouxo consigo un ronsel de novos Estados por toda a parte oriental do continente. A primeira Conferencia de Paz para Iugoslavia reuníase na Haia o día sete de setembro, unhas semanas despois do acontecido na capital rusa pero cando xa transcorreran dous meses desde os primeiros bombardeos. A nova situación outorgaba doados argumentos a Alemaña que deste xeito obtería menos esforzadamente o asentimento das demais chancelerías occidentais para admitir a ruptura da Federación.

2º. A política de recoñecementos. A procedencia ou non do recoñecemento diplomático dos novos Estados foi obxecto de grande polémica entre os membros da Comunidade Europea. Inicialmente a actitude de Alemaña e de Italia a favor desta decisión chocaba coa oposición doutros Estados (Gran Bretaña, Francia ou España). Evidentemente, a actitude de Bonn obedecía a unha aspiración natural: a necesidade xermana de consolidar unha importante área de intereses e de influencia en Centroeuropa e conseguir unha saída estratéxica á Mediterráneo. As relacións de Alemaña con Iugoslavia eran particularmente intensas: unha gran parte do millón de iugoslavos emigrantes atopábase neste país e os investimentos alemáns e austríacos eran moi importantes en Eslovenia e Croacia.

¿Que criterios establecer para efectuar os recoñecementos? A Comisión de Arbitraje presidida por Robert Badinter estableceu como requisitos ineludibles os seguintes: o respecto das fronteiras que só poderían ser modificadas mediante negociación e por acordo mutuo; observación do Estado de dereito e da democracia conforme aos principios de Nacións Unidas e da Acta Final de Helsinqui; respecto dos dereitos das minorías e grupos étnicos. Tan só das Repúblicas cumprían todos os requisitos: Eslovenia e Macedonia. A Comisión puxo serios reparos a Croacia. Sen embargo, na práctica, mentres esta última foi inmediatamente recoñecida á igual que Eslovenia, o pintoresco veto grego impedía o recoñecemento de Macedonia.

¿Como incidiron os recoñecementos na evolución do conflito? Uns días despois de ser recoñecida Croacia a guerra detívose nesta República. Quizais porque mentres non se producira o recoñecemento internacional sempre existiría unha remota esperanza de que Iugoslavia ou unha significativa parte dela podería manterse unida. Serbia, a única República importante inicialmente interesada nesta opción comprendera entón que o único sentido da guerra consistía na obtención do control da maior porción posible de territorio utilizando como escusa a defensa dos seus nacionais e como principal instrumento a limpeza étnica. O seu exemplo non tardou en ser imitado pola propia Croacia a costa dos musulmáns de Bosnia-Herzegovina.

Inicialmente contrarios, Estados Unidos e Rusia tamén se manifestaron a favor dos recoñecementos. Moscova, tradicional aliada de Belgrado, paralizada polas convulsións internas que a sacoden, viuse imposibilitada para influír de xeito substancial na marcha do conflito e as escasas iniciativas adoptadas provocaron importantes desavenencias e enfrontamentos entre os principais protagonistas da vida política rusa debido á súa alíñamento coas teses occidentais. Respecto a Estados Unidos, inicialmente aliado coas teses serbias, o seu aparente distanciamento só se viu interrompido en contadas ocasións con pronunciamentos e medidas chamativas coma o subministro aéreo de alimentos, a designación dun representante especial para a zona ou o apoio prestado ás teses musulmanas nas negociacións sobre o reparto territorial. A oportunidade das intervencións estadounidenses sementaron non pouca polémica pois en máis dunha ocasión avivaron o conflito insuflando ánimo a algunha das partes e dificultando as posibilidades de consecución dun acordo negociado. Non falta quen advirta nesta conducta unha actitude interesada de Washington: a longa duración do conflito desestabiliza seriamente a construción europea e debilita a cooperación francoalemana. Obxectivamente, unha Europa unida e en paz pode representar un gran obstáculo estratéxico para os intereses americanos.

3ª. Unha terceira e última fase caberá definila como a da intervención diplomática e humanitaria máis activa (a finais de 1991 e comezos de 1992 ata o momento presente). Os episodios desta fase son numerosos e coñecidos: decisión do Consello de Seguridade de Nacións Unidas para enviar 14.000 cascos azuis a Croacia, Conferencia de Londres de agosto de 1992, designación de mediadores, conversacións de Xenebra, etc. a intervención humanitaria está orientada subministro de alimentos e material sanitario desempeñando tamén un limitado papel na redución das numerosas crueldades (refuxiados, campos de concentración e exterminio, limpeza étnica, etc.) e sufrimentos a que se ve sometida a poboación civil. A intervención diplomática (mediacións, sancións) atende fundamentalmente á consecución do cesamento do fogo (tantos como incumplidos) e a habilitación dun foro de diálogo permanente entre as partes. Globalmente avaliada a intervención a este nivel foi claramente insuficiente e segue desprovista do máis elemental deseño preventivo.

O segundo xiro fundamental na actitude da comunidade internacional e que implicaba unha adecuación á situación de facto produciuse a partir da Conferencia de Londres (agosto de 1992) á admitirse como principio de solución do conflito a distribución étnico-territorial das partes enfrontadas en Bosnia. Na práctica supón a admisión das operacións de limpeza étnica e das conquistas militares. O Plano Vance-Owen primeiro e o Vance-Stoltenberg despois baséanse nestas premisas. Incapacitada para impoñer a paz, a Europa rexelle por fin a unha guerra que a desangra internamente cada vez máis.

A opción dunha intervención militar que presentaba igualmente moi diversas variantes e graduacións non foi final e afortunadamente materializada. Unha internacionalización do conflito de semellantes características dificilmente podería conseguir outra cousa que non fose complicar máis o problema.

### Os futuros á nosa espera

A dinámica na que está instalado o proceso negociador é tremendamente arriscada. O criterio étnico elixido como base e punto de partida para debuxar unha solución á crise implica non só leximitar a opción da guerra: ameaza con converterse nunha guerra terrible para a solución dos numerosos litixios que aniñan desta delicada área. Unha solución destas características para Bosnia non é necesariamente sinónimo de paz nos Balcáns. Cando estoupar a explosiva situación de Cósova? Que mecanismos se establecen para asegurar unha evolución non autoritaria nos novos Estados? O precedente que se establece coa ausencia de garantías reais para as minorías e a minusvaloración do principio cidadán (en favor do étnico) como eixe vertebrador das relacións entre as diferentes comunidades humanas e nacionais existentes na zona pode producir desastrosos efectos.

Non menos importante é relativizar a transcendencia da aparición de novos Estados no continente. As fronteiras non son sagradas e que un Estado non sexa todo o grande que algúns quixeran non por que ser un obstáculo para a integración. Tal como afirmara Hobsbawm, non pode sosterse por máis tempo o razoamento de que unha rexión é demasiado pequena para constituírse en Estado. Máis de vinte membros de Nacións Unidas teñen unha poboación inferior a 250.000 habitantes. Cousa distinta é que no mundo actual, caracterizado e condicionado por unha interdependencia inevitable, poidan dispoñer máis libremente ou ser máis donos dos seus asuntos que antes de ser formalmente independentes. Ningunha das nacións susceptibles de facerse cun Estado propio é quen de dar unha solución por si soa aos problemas que o mundo afronta no limiar do século XXI. Pero tampouco terán éxito nese empeño ningun dos actuais Estados por moi poderosos que aparenten ser.

Nun momento en que se daban por firmemente apuntaladas as ideas de integración e de superación das particularidades nacionais o rexurdir nacionalista indudablemente incomoda. Pero estes nacionalismos resultan ser, en numerosos casos, asociativos e partidarios dunha tan acelerada integración como imposible de ser asumida sen conflito. Por iso é fundamental promover asociacións interestatais intermedias (recuperar o proxecto dunha Europa balcánica por exemplo) que sirvan de foro de diálogo permanente e próximo. Ninguén aposta hoxe por erguer fronteiras infranqueables. Son imposibles.

Durante toda a crise bótase en falta a existencia de mecanismos preventivos idóneos para orientar o conflito. Cando xa transcorreran máis de dous anos desde a explosión a situación pouco variou. O Centro de Prevención de Conflictos contemplado pola CSCE (Conferencia de Seguridade e Cooperación en Europa) continúa a ser un misterio. Isto a pesar de que o número de conflitos reais e potenciais medrou considerablemente nos últimos tempos e que na súa inmensa maioría presentan a característica común de involucrar dun xeito ou doutro a minorías nacionais. No que vai de crise nos Balcáns a CSCE só entrevistou para expulsar do seu seo a “nova” Iugoslavia (Serbia-Montenegro).

Finalmente, se algo deberÃa concluírse desta crise Ã© a necesidade de erradicar a violencia como medio de solución dos conflitos polÃticos. O diÃlogo, a democracia e o respecto Ãs dereitos universais de todo colectivo humano debe constituír a referencia fundamental para a solución das controversias. Poida que apostar por esta vÃa, non exenta de perigos e dificultades, teÃa como resultado un proceso máis lento pero sen dÃbida serÃ máis xusto e duradeiro. Desafortunadamente non parece que a nova orde mundial siga ese camiÃo.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## **APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS**

ARQUIVO BalcÃns

### **IDIOMA**

Galego

### **Date Created**

Xaneiro 1, 1994

### **Meta Fields**

**Autoria :** 3717

**Datapublicacion :** 19940101